

PRESENTACIÓN

A programación didáctica integrada do CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Flórez, para o curso escolar 2023-2024 terá por título “ *Un curso de cine*” e versará sobre dita temática.

INTRODUCCIÓN/XUSTIFICACIÓN

Dita programación, parte dende a Biblioteca do centro, xa que esta funcionará como espazo de recursos, non só a través de libros, senón tamén de filmografía, emprego das TICS, etc, fomentando a o emprego da mesma como espazo para espertar a creatividade a través de diferentes disciplinas.

Este proxecto pretende, de forma transversal, recoñecer o valor deste arte, así como todo o que nos pode ofrecer. Pois ademais de entretemento, proporcionáanos coñecementos de historia, diferentes culturas, valores, emocións, etc

Estará implicado todo o centro e tódolos equipos de coordinación, xa que é un proxecto no que teñen cabida tódolos equipos. Ademais, quedará reflectido na programación da área Proxecto Competencial do último ciclo de EP.

OBXECTIVO XERAL: coñecer e valorar a función do cine na actualidade, así como identificar todo o que este nos ofrece.

OBXECTIVO FINAL: crear unha curtametraxe realizada polo alumnado dos últimos cursos da etapa de primaria, implicando ao alumnado máis novos.

CONTIDOS:

- Identificación dos diferentes xéneros do cine.
- Traballo da expresión e comunicación oral e escrita.
- Recoñecemento da importancia da comunicación non verbal e das emocións.
- Valoración do esforzo e da paciencia para acadar un fin.

TEMAS TRANSVERSAIS:

- Educación en valores,
- Historia,
- Emocións,
- Comunicación,
- Impulso da creatividade.

RELACIÓN COAS DISTINTAS ÁREAS CURRICULARES.

- **Matemáticas:** coa realización de presupostos; estimacións de canto valerá realizar unha pequena película; as horas e os minutos coa duración do filme.
- **Linguas:** traballar a comprensión e expresión oral, escrita; así como a comunicación non verbal (persoal e con imaxes), diferentes tipoloxías textuais; o teatro, idiomas empregados, etc
- **Música:** xéneros musicais, instrumentos que interveñen, directores/as música (perspectiva de xénero) máis clásica ou comercial, máis dixital o instrumental, etc. Cantar ou tocar algunha canción de BSO.
- **Plástica:** escenografía, vestuario, maquillaxe, etc.
- **Relixión:** traballar o interés do cine polas historias e personaxes bíblicos.
- **Ciencias**
 - **Sociais:** épocas históricas, xeografía, vestimenta, valores predominantes realizando unha comparativa, diferentes relixións, inventos, etc..
 - **Naturais:** elementos da natureza, animais (familias), tipos de clima, elementos da materia, etc.

Na etapa de **EDUCACIÓN INFANTIL** pódense relaciona cada con cada un dos proxecto con películas desa temática. Por exemplo: os dinosaurios con Parque Jurásico; Exipto con Tadeo Jones, etc.

CONMEMORACIÓNS

As diferentes conmemoracións do centro poden estar relacionadas cunha curtametraxe que exalte a temática de dita conmemoración. Por exemplo: día

da discapacidade → visionado da curtometraxe “El regalo”, “cuerdas”, “Tamara”, etc.

TEMPORALIZACIÓN

Este proxecto pódese dividir en tres grandes partes secuenciadas por trimestres.

O mural da biblioteca será o punto de partida e funcionará como guía do proxecto, iniciando os distintos interrogantes, quedando a modo de portfolio.

Cada trimestre versará sobre unha temática, tendo sempre a mesma estrutura.

Trimestre	Nome da unidade	Contidos/temas a tratar
1º	ASÍ ERA clásicos	<p align="center"><i>Inicios do cine- Lumiere</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Cinematógrafo (adiviña que é) • Cine mudo (<i>sabías qué</i>) • Elaboración de películas de animación (movemento en papel. <i>(sabías qué)</i>) • Finalidade do visionado de películas. porqué vían cine.
		<p>Estrutura</p> <p>Adiviña que é? Sabías que? Frases de cine- Personaxe/filme misterioso Cartelera</p>
2º	A TODA COR	<p align="center"><i>Do cine en branco e negro ao cine de cor</i></p> <p>Flowers and Trees (animación) Mago de OZ (1936) paso de ByN a color</p>
		<p>Estrutura:</p> <p>Que é? Sabías que? Frases de cine- Personaxe/filme misterioso Algunhas películas da época</p>
3º	CINE DIXITAL	<p align="center"><i>Películas dixitais</i></p> <p>Diferentes técnicas (3D, PC, stop motion, etc)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Toy Story (1º película dixital de animación)

		Estrutura:	Que é? Sabías que? Frases de cine- Personaxe/filme misterioso Algunhas películas da época
--	--	-------------------	--

IDEAS DE ACTIVIDADES

- Identificar a que película pertencen as cancións que soan no centro e falar un pouco dela, así como dos valores que promove.
- Elección de películas seguindo a temática trimestral.
- Elaboración de películas de animación (movemento en papel).
- Paseo da fama (na aula ou en diversos espazos do centro) cos nomes do alumnado.
- Festival Wencescine: mini festival de cine con xurado e entrega de estatuíñas
- Entrega da estatuíña (Oscars), en caso de realizarse a curtometraxe.

Dende a biblioteca para poñer no mural.

- **“Que é?/Adiviña que é “:** no mural do tren se porá unha adiviña sobre algo relacionado co cine e o alumnado debe averiguar que é.
- **“Sabías que?”** unha curiosidade
- **Frases de cine- Personaxe/filme misterioso**
 - Escríbese unha frase no mural do tren, o alumnado debe adiviñar de qué película ou personaxe trátase. Darase unha semana para que o alumnado escriba as súas respostas e déixeas no buzón da biblioteca, e ao martes seguinte, desvelarse o personaxe ou película.



▪ *“Un gran poder conlleva una gran responsabilidad”.*

- *película? Qué entendes?*

- Poden elixir frases das súas películas preferidas, escribilas/debuxalas/pictogramas etc., e colocalas no tren, cunha previa reflexión sobre elas.

→ **Cartelera:** recomendacións de películas.